



Grupo Municipal BNG de Narón
Praza de Galiza S/N Entrechán

15570 Narón

MOCIÓN PARA A MELLORA DOS CONVENIOS NOMINATIVOS

Olaia Ledo Díaz, portavoz do Grupo municipal do BNG no concello Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, posterior aprobación, a seguinte **MOCIÓN**

Exposición de motivos:

O informe do Servizo de Facenda con data 23/04/2026 sinalou certas incompatibilidades normativas na proposta orixinal de modificación da ordenanza fiscal Nº 13, especialmente no tocante á inclusión de conceptos que xa se atopan noutras normas ou que poderían contravir a legalidade vixente, como o tratamento de certos aprazamentos.

Non obstante, o devandito informe técnico abre unha vía legal ao recoñecer que o Artigo 6.7 da propia ordenanza permite establecer convenios específicos co fin de “simplificar o cumprimento das obrigas” tributarias.

Esta moción non pretende crear excepcións á marxe da lei, senón aproveitar as facultades de convenios xa existentes para **unificar os procedementos** substituindo o concepto de “pago anticipado” por unha “liquidación administrativa única”, cumprindo así coas esixencias técnicas; e **garantir a viabilidade dos clubs** vinculando o pago das taxas á resolución das subvencións do mesmo exercicio orzamentario, asegurando a estabilidade e a compensación legal das débedas.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG do Concello de Narón presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, proponendo a adopción do seguinte **ACORDO:**

1. O Concello de Narón comprométese a incluír nos convenios nominativos os seguintes puntos:

1.1 Obxecto

O presente convenio ten por obxecto simplificar e unificar os procedementos de liquidación e recadación das taxas por utilización de instalacións deportivas (Ordenanza Nº 13) para os clubs deportivos e entidades de base de Narón.



Grupo Municipal BNG de Narón
Praza de Galiza S/N Entrechán

15570 Narón

1.2 Réxime de Liquidación Unificada

Para as entidades asinantes, e en substitución dos padróns mensuais previstos no Artigo 6.2, o Concello poderá practicar unha **liquidación administrativa única** ao finalizar o período autorizado ou a tempada deportiva.

1.3 Suspensión de Prazos e Vinculación a Subvencións

- O prazo de pagamento da liquidación resultante quedará suspendido ata a resolución definitiva da convocatoria de subvencións ou convenios nominativos do Concello.
- Esta suspensión estará condicionada a que a concesión da subvención se produza dentro do **mesmo exercicio orzamentario** no que se deivindique a taxa, garantindo así a estabilidade orzamentaria.
- No caso de que, por causas non imputables á entidade deportiva, a resolución da subvención se desplace ao seguinte exercicio orzamentario, o Concello facilitará de oficio o aprazamento da débeda tributaria ata o momento do cobro efectivo da axuda, garantindo a non aplicación de xuros de demora.

1.4 Compensación de Débedas

A entidade deportiva poderá autorizar expresamente ao Concello de Narón a proceder á **compensación automática** do importe das taxas liquidadas co crédito a favor da entidade derivado da subvención municipal concedida, nos termos previstos na normativa recadatoria común.

1.5 Outros mecanismos de pago

No caso de que a subvención non cubra a totalidade da taxa ou se denegue, o club poderá solicitar o aprazamento ou fraccionamento da débeda restante conforme ao procedemento establecido na **Ordenanza Fiscal Xeral nº 1**.

En Narón, a 30 de abril de 2026
Asdo. OLAIA LEDO DÍAZ
Portavoz Municipal do BNG